



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

Primeiro. A Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) - pertencente á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza- é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Segundo. Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ó desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a Universidade de A Coruña é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a Universidade de Vigo é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ó desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

(2) Obxecto

O convenio terá por obxecto a participación do persoal dependente das mencionadas universidades nas actividades da EGAP, así como a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de todas as partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

O convenio terá por finalidade a organización, o desenvolvemento e a realización pola EGAP dos cursos que se concretarán nunha addenda ao convenio, e que teñen como destinatario ao persoal de administración e servizos das Universidades.





O instrumento convencional ampara as seguintes modalidades de colaboración:

- a) Realización conxunta de cursos de formación continua, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación sobre temas de actualidade e interese relativos á Administración e ao seu funcionamento. Á primeira modalidade formativa terá acceso o persoal de administración e servizos das Universidades asinantes. Ás demais actividades, incluídos os cursos de verán que se convoquen ao abeiro deste convenio, tamén terán acceso, ademais do devandito persoal, os empregados públicos das Administracións galegas, os demais membros da comunidade universitaria-profesores e alumnos- así como as persoas interesadas en xeral.
- b) Edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. As Universidades comprométese a remitir á EGAP un exemplar das súas publicacións periódicas e esta comprométese a remitir un exemplar das súas publicacións á Biblioteca daquelas, para a súa difusión.
- c) Promoción da actividade investigadora das partes asinantes mediante proxectos de investigación conxuntos.
- d) Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste convenio.

(4) Impacto económico

A sinatura do convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia para o ano 2020, se ben ao seu abeiro asinarase unha addenda da que se derivarán os gastos económicos que nela se concreten.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizarase coa Universidade de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2020, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinada dixitalmente en Santiago de Compostela
O secretario xeral da EGAP,

Asdo. Sergio Domingo Baamonde Boquete.

